





Oficina
dos Dereitos

MAREA
ATLÁNTICA

GUÍA DE TARIFAS SOCIAIS INTERNET E TELEFONÍA

DESCONTOS NAS FACTURAS DE INTERNET, FIXO E MÓBIL



dereitos@mareatlantica.org

604086724

www.mareatlantica.org

NOVEMBRO 2021

O acceso a internet: un dereito humano

O dereito de acceso a internet é un dos dereitos dixitais que posúe toda persoa. Neste mundo globalizado e conectado, precisamos acceder a internet co fin de exercer e gozar do noso dereito á liberdade de expresión, así como para facer fronte á burocracia que nos obriga a realizar ata o máis mínimo trámite a través deste medio. Os estados teñen a responsabilidade de garantir que o acceso a internet sexa amplamente dispoñible, e por este motivo debería existir un proveedor público de telecomunicacións que poida prover este servizo sen depender do interese das empresas privadas en crear estas tarifas sociais.

O acceso a internet está recoñecido como un dereito fundamental polas leis de varios países e como un dereito humano por parte da Organización das Nacións Unidas (ONU). Con todo, moitas persoas non teñen acceso por estar en situación de pobreza ou exclusión social. Desde a Oficina dos Dereitos da Marea Atlántica entendemos que é unha obriga das administracións proporcionar acceso a internet de forma gratuíta ou a prezos moi reducidos ás persoas en situación de vulnerabilidade. Tamén entendemos que debería ser obligatorio para todas as compañías de telecomunicacións ofertar tarifas sociais a persoas nesta mesma situación.

Facendo a investigación para a elaboración desta modesta guía, descubrimos que só unhas poucas empresas ofrecen tarifas sociais. Ademais, algunas das empresas que ofrecen estas tarifas non son moi claras na información que ofrecen nas súas páxinas web. Temos o caso da compañía MásMóvil, a cal sacou unha tarifa social que non existe na súa web e que só é aplicable a persoas residentes en Madrid que fosen atendidas por unhas entidades sociais moi concretas. Aparte disto, as condicións para acceder a esta tarifa social non teñen nada que envexar ó labirinto burocrático do Ingreso Mínimo Vital. É por este motivo que decidimos prescindir da súa inclusión nesta guía por non ser aplicable á cidadanía coruñesa.

Segundo datos do INE, máis dun 25% da poboación de Galicia non ten acceso a internet porque os custes de conexión resultan demasiado elevados. A fenda dixital é un problema que afecta especialmente ás persoas en situación de vulnerabilidade.

Por unha banda, aféctalles falta de recursos económicos para pagar o acceso a internet ou para mercar equipos cos que acceder a internet. Por outra banda, algunas administracións como o Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e a Seguridade Social aproveitaron a pandemia para establecer cita previa a través de internet e teléfono e algunas delas fixeron obligatoria a presentación de documentación a través das redes sen importar que as persoas en situación de pobreza non teñan acceso a internet ou a un teléfono. Sempre acaban pagando os mesmos colectivos a pouca sensibilidade de quen xestionan os servizos sociais.

Rodri Gil

Oficina dos Dereitos - Marea Atlántica



ÍNDICE

TARIFA SOCIAL VODAFONE.....	1
TARIFA SOCIAL ORANGE.....	4
TARIFA COMPROMISO INTERNET R.....	6
ABONO SOCIAL MOVISTAR.....	8

TARIFA SOCIAL VODAFONE

Vodafone oferta dous tipos de tarifas sociais destinadas a persoas menores de 30 anos sen emprego e persoas perceptoras do Ingreso Mínimo Vital (IMV). Ningunha delas esixe permanencia.

TARIFA VODAFONE YU: DESTINADA A MENORES DE 30 ANOS SEN EMPREGO

Servizos incluídos

- **Heavy Yuser Fifty-Fifty:** 30 GB de datos acumulables, xigas ilimitados para redes sociais e mensaxería e chamadas ilimitadas. Todo iso a un prezo de 10 euros/mes. Desconto renovable cada 6 meses.
- **Heavy Yuser + Internet:** 30 GB de datos acumulables, xigas ilimitados para redes sociais e mensaxería, chamadas ilimitadas e un router 4 G para navegar de forma ilimitada. Desconto renovable cada 6 meses. Todo iso a un prezo de 25 euros/mes.

Requisitos

Para acceder a estas tarifas debe cumplir cos seguintes requisitos:

- Ser **menor de 30 anos**
- Estar en **situación de procura activa de emprego**. Ademais, acreditar a **certificación do SEPE de procura activa de emprego**.

Como contratala?

Para contratar a tarifa, **hai que solicitala a través da web** <https://www.vodafoneyu.es/tarifa-social-internet-movil/>. Posteriormente, recibirase un email de confirmación de compra, informando do produto contratado e dos documentos que terá que enviar para que se complete o pedido.

O/A cliente/a terá que **enviar a documentación á dirección de correo: documentoses@vodafone.com**

Se a documentación é correcta procederase ao alta definitiva do novo producto contratado. O/A cliente/a recibirá no seu domicilio nos seguintes 10 días a nova SIM e no seu caso o router se contratase o producto Heavy Yuser + Internet.

TARIFA CONECTAD@S: DESTINADA A PERSOAS PERCEPTORAS DO IMV

Servizos incluídos

- Tarifa Conectad@s: Tarifa móvil con **15 GB de datos e chamadas nacionais ilimitadas** por **10 euros/mes.**
- Tarifa One Conectad@s: **15 GB de datos, chamadas nacionais ilimitadas desde o móvil** e un **router 4G con navegación ilimitada** para o fogar por **25 euros/mes.**

As tarifas teñen unha **duración de 12 meses**, pasado ese tempo pódense renovar a condición de que se presente a documentación de novo. Se pasado ese tempo non se renova a documentación o prezo das tarifas pasa a ser 25€ para Vodafone Conectad@s e 55€ para Vodafone One Conectad@s.

Requisitos

Pode acceder a estas tarifas calquer cliente/a que sexa **beneficiario/a do Ingreso Mínimo Vital**. Para iso debe presentar o certificado que acredita que é beneficiario/a do mesmo.

Como contratala?

Pódese solicitar a contratación da tarifa Vodafone Conectad@s ou Vodafone One Conectad@s desde a súa páxina web: <https://www.vodafoneyu.es/tarifa-social-internet-movil/>

Fonte: EAPN CLM

TARIFA SOCIAL ORANGE

Orange oferta unha tarifa social para persoas pereceptoras de rendas mínimas de inserción como a RISGA ou o Ingreso Mínimo Vital. A tarifa terá unha validez de 12 meses renovables e non terá ningún tipo de compromiso de permanencia.

TARIFA SOCIAL ORANGE



Servizos incluídos

Orange ofrece unha tarifa por 14,95 € ó mes que inclúe:

Toda a información en:
<https://www.orange.es/tarifas/tarifa-social>

- Acceso a **internet** con **fibra simétrica de 500 Mbps**.
- **Liña fixa** con chamadas ilimitadas a fixos nacionais.
- **Liña móvil** con chamadas ilimitadas a fixos e móbiles nacionais e 3 GB de datos para navegar a máxima velocidade móvil, con posibilidade de contratar máis liñas móbiles se se necesitan.



Prazos da convocatoria

Orange lanza dúas convocatorias anuais, **unha en abril e outra en outubro**, abrindo un prazo de solicitude en cada unha das convocatorias que terá unha duración dun mes.



Requisitos

- Ser titular do ingreso Mínimo Vital ou renda mínima de inserción, e acreditalo convenientemente coa documentación oficial.
- Achegar certificado de empadroamento do titular do Ingreso Mínimo Vital ou renda mínima de inserción no domicilio onde se instale o servizo de Fibra ou ADSL asociado á tarifa.
- Esta documentación deberá estar dispoñible por parte do cliente durante os 12 meses de pertenza na tarifa en caso que Orange llo requira.



Como contratala?

Para contratar a tarifa Social débese completar o formulario de solicitude que podes atopar [aquí](#) e enviar a documentación á seguinte dirección: tarifasocial.orange@orange.com. É imprescindible dispoñer de:

- Xustificante de ser beneficiario/a do Ingreso Mínimo Vital ou renda mínima de inserción (RISGA)
- Certificado de empadroamento da beneficiaria (a instalación do servizo fixo e da conexión da internet realizarase a nome da persoa beneficiaria no domicilio no que está empadroada).
- Unha vez recibida a documentación e o formulario, realizarán as verificacións necesarias e poñeranse en contacto contigo para iniciar o proceso de contratación ou informar dos motivos polos que non se pode proceder á mesma.

TARIFA INTERNET COMPROMISO R

R oferta unha tarifa de internet para persoas perceptoras de IMV ou RISGA cun prezo definitivo e compromiso de permanencia de 12 meses.

TARIFA INTERNET COMPROMISO R

Servizos incluídos

- **Internet de 100 Megas** por 14 €/mes.
- A instalación do router é gratuita.

Requisitos

Pode acceder a estas tarifas calquer cliente/a que sexa beneficiario/a do **Ingreso Mínimo Vital** ou da **RISGA**.

Como contratala?

Para contratala é necesario presentar a documentación do IMV ou a RISGA.

Pódese contratar a través do teléfono 1446 ou nos puntos de venda.

Máis información en:

<https://mundo-r.com/gl/compromiso>

ABONO SOCIAL MOVISTAR

Consiste nunha redución do 70% da cota de alta da liña telefónica fixa individual e do 95% da cota mensual da mesma. É incompatible con calquera produto que inclúa de forma empaquetada a cota de liña individual, entre outros: Movistar Fusión, Liñas con chamadas, etc.

ABONO SOCIAL MOVISTAR



Servizos incluídos

- Desconto do **70% da cota de alta da liña telefónica fixa individual** e do **95% da cota mensual da mesma**.



Requisitos

- Estar xubilada/o ou ser pensionista, ou percibir pensión privada recoñecida por resolución xudicial.
- A suma de ingresos e rendas da unidade familiar non pode superar os 9.490,32 euros (equivalente ao 120% do IPREM) de conformidade co último Certificado de IRPF disponible no momento da solicitude do Abono Social.
- O domicilio de instalación do teléfono coincidirá co domicilio de empadroamento da persoa titular, que non poderá ter outra liña con esta clasificación.



Como contratala?

Poderase solicitar a través de calquera destes **medios**:

- Mediante Fax, ao número 901503700.
- Mediante carta, ao Apartado de Correos: 423 Código Postal: 48080-Bilbao.
- Ou por correo electrónico á dirección: abonosocial@telefonica.com

Indicando os seguintes **datos**:

- Nome e apelidos da persoa titular. Se a titular da liña fose o cónxuge da persoa solicitante, incluír tamén o seu nome, apelidos e DNI.
- DNI.
- Número de teléfono para o que solicita o Abono Social.

Toda a
información en:
<https://atencionalcliente.movistar.es/pregunta-frecuente/abono-social/>



Oficina
dos Dereitos



NOVEMBRO 2021